

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 27/01/2020
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:35 horas do día 27/01/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de xaneiro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/0318

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro de 2020. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro de 2020, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBARº	DATA XGL	CUMPRE LÍMITES
ADRUM CONSULTORES, S.L.	B36440642	1.400,00 €	27/01/2020	SÍ
AROUSA HERMANOS GONGAL, S.L	B94178514	250,00 €	27/01/2020	SÍ
AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.	B36181899	4.512,22 €	27/01/2020	SÍ
CAPELO GARCIA, ANTONIO	06568549w	7.260,00 €	27/01/2020	SÍ
CASTROMAN I, S.L.	B36406650	931,80 €	27/01/2020	SÍ
OCAÑA NOVOA, ROBERTO	35417119V	2.915,00 €	27/01/2020	SÍ
OFICINAS OFINT, C.B.	E36314730	778,05 €	27/01/2020	SÍ
REFORMAS TREBOL, S.L.	B94128675	5.808,00 €	27/01/2020	SÍ

SKETCH SYSTEM, S.L.	B15535271	1.279,72 €	27/01/2020	SÍ
SRTEL CORUÑA, S.L.	B15940562	3.448,50 €	27/01/2020	SÍ
TALLERES S. IGLESIAS, S.L.	B36222727	958,43 €	27/01/2020	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0282

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras - Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias SL para a reparación do vehículo matrícula 1426DBD, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 958,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0283

Vista a proposta do Servizo Municipal de Mellora Rural, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción la Junquera SL para a reparación do vehículo adscrito ao citado Servizo, matrícula 5479GJC (revisión mecánica por fallos), por un importe total de 4.512,22 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0284

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SRTEL CORUÑA SL para o subministro de 6 equipos de comunicación portátiles DMR de UHF para reposición dos actuais, por un importe total de 3.448,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0285

Dáse conta de escrito presentado por Espina & Delfín SL comunicando as actuacións e melloras na rede de abastecemento levadas a cabo no ano 2019 pola citada Empresa concesionaria do Servizo Municipal de Auga, cun custo total de 16.092,71 € (IVE excluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0287

Dáse conta Lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario" , aprobada o 3 de decembro de 2019 no Parlamento de Galicia na que se concede tres anos aos Concellos para corrixir as fugas de auga na rede. En concreto, insta aos Concellos a que reduzan a menos do 20% o volume de fugas na rede de distribución de auga.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir á Empresa Espina & Delfín SL o presente acordo coa finalidade de que corrixa as fugas de auga na rede.

PRP2020/0288

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social, en relación coa necesidade de adquisición de material para o plóter e impresora do Servizo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados seguintes, con cargo á partida 926.22000:

- Sketch System SL (Digipress), material para o ploter (lonas, vinilos, papel, etc), por un importe total de 1.279,72 € (IVE incluído)

- Oficinas Ofint CB, material para a impresora por un importe total de 778,05 € (IVE incluído)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0289

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas dos usuarios do vao permanente 1279, situado no baixo dereita do nº 1 da Rúa Ramón López Piñeiro, sobre a ubicación dos colectores de lixo e estacionamento de vehículos nas inmediacións da entrada do garaxe, propoñendo a instalación dun elemento físico que delimite o espazo destinado ó servizo do garaxe en relación ós colectores de lixo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación do elemento físico proposto pola Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/0290

Vista a solicitude de Dona María de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa, e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Praza da Peixería do 2 ao 6 de abril, para a celebración dun mercado benéfico, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres

portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

En canto á ocupación da vía pública, considérase o lugar máis axeitado o primeiro tramo da Avda. da Mariña.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Acórdase así mesmo colaboración municipal coa cesión de 40 mesas, 10 cadeiras, megafonía.

PRP2020/0291

Dáse conta do escrito presentado por D. Cesar M. Cortizas Martínez, como responsable de seguridade viaria para a realización do Rali Terras de Lantaño a celebrar o día 7 de marzo de 2020, organizado polo clube Rali de Inverno, informando do percorrido do mesmo, entre o lugar de Lantaño, no Concello de Portas e Ortoño, no Concello de Ames, circulando unicamente no Concello de Vilagarcía dun tramo de pista local que comeza no alto do Pousadoiro e delimita parcialmente co Concello de Caldas de Reis.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0292

Dáse conta de escrito presentado pola Comunidade de Propietarios do Inmóble nº 3 da Rúa Pablo Iglesias solicitando unha zona de reserva para carga e descarga diante do inmóble, con horario de 18:00 a 22:00 horas para persoas con problemas de mobilidade, que acoden á Asociación de Testigos Cristianos de Jehova, situada no baixo do inmóble.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que non procedería a creación dunha zona reservada para carga e descarga, xa que o fin destas zonas é facilitar a carga e descarga das mercadorías, ademais nas rúas adxacentes existen varias prazas de estacionamento reservadas para persoas con discapacidade..

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado.

PRP2020/0293

Dáse conta do escrito presentado por Dona Mercedes Álvarez Fernández, solicitando autorización para instalación dunha carpa en Praza de Galicia os días 18, 22 e 25 de febreiro, en horario de 10 a 13 horas, para promocionar a proxección dun filme "Historia de nuestro cine", que se vai a realizar o día 29 de febreiro no Auditorio Municipal.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público,

polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0294

Dáse conta do requirimento remitido pola Consellería do Mar sobre a situación administrativa da concesión e documentación a presentar no caso de cesión parcial (cafetería) de concesión no dominio público portuario "Construción Centro Cultural Veciñal da Parroquia de Sobrán e instalación de adestramento do remo e almacenaxe de embarcacións" no Porto de Vilaxoán.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a remitir a documentación en relación á situación de cesión de uso parcial da cafetería do citado Centro.

PRP2020/0300

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Borja Santamaría González, en representación de Asociación Xuvenil Arousa Moza, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na Rúa Castelao, esquina do Liceo Casino, o día 25 de xaneiro, en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0319

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D. Antonio Capelo García o contrato menor de "Servizo Asesoramento Técnico de Xestión Enerxética" durante o ano 2020, por un importe total de 7.260,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22706, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0324

Vista a proposta do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación do tellado e limpeza de canlóns da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 5.808,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0329

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas SL para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 3.240,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2020/0328

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de decembro de 2019, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €.

PRP2020/0347

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de de 2018, por un importe total de 5.650,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisions informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00 €	1	x 110,00 €	890,00
Dª LUZ MARÍA ABALO PÉREZ	6	x 130,00 €	1	x 110,00 €	890,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 130,00 €	1	x 110,00 €	890,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	3	x 130,00 €	---	x 110,00 €	390,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00 €	1	x 110,00 €	890,00
D. ALFONSO RAMON GLEZ GALLEGO	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	---	x 130,00 €	---	x 110,00 €	---
D. DAVID HIGINIO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00

OLIVEIRA BARREIRO				
TOTAL				5.650,00

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2020/0147

Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial, publicada no BOP de 2 de xaneiro de 2020, das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2020.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención, por un importe total de 311.465,09 € (cunha aportación municipal de 165.524,02 €) ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020, Liña 3 (Plan Concellos 2020) para a contratación de 35 traballadores a tempo completo, e 1 a tempo parcial de 20 horas semanais, e por un período de nove meses ao abeiro da citada convocatoria.:

4 Empregados Auxiliares Administrativos (1 contratación a tempo parcial 20 horas)

- 1 Monitor e/ou Animador Deportivo.
- 11 Axudantes Albaneis
- 3 Peóns Forestais
- 2 Pintores e/ou empapeladores
- 4 Instaladores electricistas
- 1 Carpinteiro en xeral
- 1 Fontaneiro
- 1 Soldador para arco eléctrico en xeral
- 4 Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Sepultureiro/enterrador.
- 1 Peón Laceiro/recollida de animais.
- 1 Axudante mantedor de instalacións deportivas
- 1 Conductor operador de retroescavadora.

- Aprobar a memoria descritiva onde se determina o número de persoas desempregadas que sa van a contratar e a súa categoría profesional.

- Comprometerse a incluír no orzamento do exercicio 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal.

PRP2020/0213

Dáse conta da solicitude formulada por JOSÉ RICARDO FRANCO CASTRO en data 16 de xaneiro de 2020, como titular do establecemento BAR NUEVO ÉLITE, para a celebración de festa no devandito establecemento, situado na Rúa Manuel Antonio nº 12, o vindeiro día 23 de febreiro de 2020, entre as 18:00 e as 23:00 indicando que na mesma haberá KARAOKE.

Segundo datos que constan no Departamento de Promoción Económica, a licenza outorgada para o desenvolvemento da actividade CAFÉ-BAR (Epígrafe 2.7.2) no establecemento de

referencia ,indica entre outros extremos, que non se poderá exercer a actividade de karaoke nin actuacións musicais en directo no interior do local.

Tendo en conta a solicitude formulada e os termos da licenza, a Xunta de Goberno Local acorda con conceder a autorización solicitada para celebración de festa no establecemento Bar NUEVO ÉLITE, en base á licenza municipal outorgada para o citado establecemento.

PRP2020/0243

Vista a proposta da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases e convocatoria do Concurso de Iniciativas Emprendedoras Concello de Vilagarcía de Arousa, cun prazo de presentación de solicitudes do 1 ao 29 de febreiro de 2020, cun orzamento, en concepto de premios de 1.600,00 €, con cargo á partida 241.48100, coa seguinte desagregación:

1º premio 8.000 €

2º premio 5.000 €

3º premio 3.000 €

PRP2020/0301

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego Forme 19, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Castroman I, SL para o subministro de ferramentas e materiais de prácticas para a especialidade de pintura decorativa en construción do Obradoiro de Emprego, por un importe total de 931,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0302

Vista a proposta da Concellería de Emprego e o informe da Orientadora Laboral, a Xunta de Goberno local acorda solicitar subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades orientación laboral no exercicio 2020.

PRP2020/0303

Vista a proposta da Concellería de Emprego e o informe da Orientadora Laboral, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar autorización para o mantemento provisional dos Servizos de Orientación Laboral, que foron subvencionados ao abeiro da orde do 10 de xaneiro de 2019, até a data da resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio 2020 ou, no seu caso, ata a revogación da citada autorización polos correspondentes órganos da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

A citada autorización provisional non xerará dereitos de cara á convocatoria e resolución da correspondente orde de axudas para o 2020.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2020/0304

Dáse conta de escrito presentado por D. Carlos Amo Doce, solicitando autorización para instalar un posto de churros, o martes de Entroido de 2020, na Avda da Mariña fronte ao Bar O Tapeo, e vistos os informes da Policía Local e Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada co carácter de precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0306

Dáse conta de escrito presentado por D. Baltasar Amo Busto, solicitando autorización para instalar un posto de churros, o martes de Entroido de 2020, na Avda da Mariña fronte ao Quiosco Gomilandia, e vistos os informes da Policía Local e Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada co carácter de precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0305

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán Torres Canay, mestre de Educación Infantil de 5 anos no CEIP A Escardia, solicitando autorización para realizar unha visita cos alumnos ás instalacións da Praza de Abastos o día 13 de febreiro, ás 09:30 horas para coñecer as distintas seccións de alimentación de dita Praza.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe favorable do Xefe de Mercados, acorda concederlle a autorización solicitada.

SANIDADE

PRP2020/0280

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a tramitación da baixa definitiva do vehículo matrícula PO-2134-BF, adscrito ao Servizo Municipal de Cemiterios, ante a Dirección Xeral de Trafico así como a baixa na poliza de seguros e no Inventario de Bens Municipais.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2020/0242

A proposta da Concelleira de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda expresar o seu agradecemento ás seguintes persoas ou entidades polo seu patrocinio e colaboración nos actos desenvolvidos durante a "XXI edición da Festa da toma das uvas" o día 31 de decembro de 2019:

- BODEGAS MARTÍN CÓDAX
- GADISA - Delegación de Betanzos
- LA METRO (M^a Teresa Mejuto Rial)
- AHITUVI (Asociación Hosteleiros/as e Iniciativas Turísticas de Vialgarcía)
- ZONA ABERTA
- PIROTECNIA PENIDE
- Agrupación de voluntarios de Protección Civil
- Asociación Arousa Moza
- Servizos Integrais de Formación - SIF
- ACADEMIA ELISA (Elisa Estévez)

PRP2020/0249

En base ao acordado pola XGL do 2 de decembro de 2019, pola que se aprobaba un orzamento estimativo de 1.125 € en concepto de premio decoración sostible no nadal (2019-2020) por participación e 750 € en concepto de 1º, 2º, 3º premio e premio popular, así coma en base ao Acta dos premiados da que se deu conta na XGL do 20 de xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º: A ADXUDICACIÓN DO GASTO EN CONCEPTO DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DECORACIÓN SOSTIBLE NO NADAL, POR UN IMPORTE TOTAL DE 1.050,00 € CON CARGO Á PARTIDA 170.48100, coa seguinte desagregación:

Librería Nobel: 225 € (ive engadido) Nome fiscal: Espacio do Lector S.L. Rúa Edelmiro Trillo, nº 19. CIF.: B36164820, en concepto de material bibliográfico dos seguintes centros educativos:

Anexo A Lomba

Centro de Educación Especial

Escola Infantil de Guillán

Librería Don López: Nome fiscal: María Isabel Dominguez López. Rúa Camilo José Cela, 18. 36600 Vilagarcía de Arousa. CIF.: 35430308G: 225 € (ive engadido) en concepto de material bibliográfico dos seguintes centros educativos participantes:

CEIP O Piñeirño

Colexio Infantil de Aralde

Asociación BATA

Librería Follas Novas: Nome fiscal: Folla Novas Arousa Libros S.L. Calle Montero Rios, 50, baixo. 1570 Santiago de Compostela. CIF.: B70523808: 225 € (ive engadido) en concepto de material bibliográfico dos seguintes centros educativos participantes:

Escola Infantil Vagalume

CEIP Arealonga

Escola Infantil Solobeira

Librería Vidal: nome fiscal: Juan Lorenzo González, Cruceiro, 29, 36990. Vilalonga, Sanxenxo. CIF: 35258170K: 225 € (ive engadido) en concepto de material bibliográfico dos seguintes centros educativos participantes:

CEIP Rubiáns

CEiP A Lomba

CEIP de Vilaxoán

Librería Waldina: nome fiscal: Fernando Rodríguez Pereira, 35448114P. Avda. Rosalía de Castro 204, 36610 Carril: 150 € (ive engadido) en concepto de material bibliográfico dos seguintes centros educativos participantes:

CEIP Rosalía de Castro

Colexio Infantil de Bamio

Cada centro educativo presentará na librería adxudicataria un bono polo concepto de gasto e a contía de 75 euros por participación, selado polo Concello e que a librería deberá adxuntar á factura.

2º O RECOÑECEMENTO DE OBRIGA E PAGO DA CANTIDADE ACORDADA EN CONCEPTO DE PREMIO AOS CENTROS EDUCATIVOS SELECCIONADOS , POR IMPORTE TOTAL DE 750 € CON CARGO Á PARTIDA 170.48100:

Pago mediante transferencia aos seguintes centros e das seguintes cantidades:

300 euros en concepto de PRIMEIRO PREMIO: Centro de Educación Infantil e Primaria O Piñeiriño

200 euros en concepto de SEGUNDO PREMIO: ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL PLURILINGUE VAGALUME.

100 euros en concepto de TERCEIRO PREMIO: ESCOLA INFANTIL DE ARALDE.

150 euros en concepto de PREMIO POPULAR: Centro de Educación Infantil e Primaria (anexo).

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2020/0279

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do XII Maratón Fotográfica pola Igualdade, un importe total de 850,00 €, coa seguinte desagregación:

- Premios: 600,00 € (3 premios de 200,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.
- Arousa Hermanos Gongal SL, polo servizo de cátering para unha estimación de 25 persoas: 250,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.”

SPAD

PRP2020/0005

Vista a proposta da Directora en Funcións do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Roberto Ocaña Novoa (Decoración Xiabre) para a retirada e posterior colocación de novos cercos perdidos, sobremarcos e guarnicións nas Dependencias do SPAD, por un importe total de 3.527,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.212, por ser a oferta mais vantaxosa das presentadas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0308

Dáse conta de resolución da Consellería de Sanidade pola que sanciona ao Concello de Vilagarcía de Arousa, como titular da Unidade Asistencial de Drogodependencias, coa cantidade de 3.005,07 € en aplicación do Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, modificado polo Decreto 42/2014 de 27 de maio, ao non solicitar a renovación da autorización sanitaria do seu funcionamento, que rematara en febreiro de 2019.

Debido á baixa médica da Coordinadora do Servizo o persoal descoñecía que fose preciso realizar a citada renovación..

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor da Consellería de Facenda, polo importe de 3.005,07 €, con cargo á partida 929.22699 (Expte. PSC/2019/57)

Fáise constar que dende fai meses o citado servizo conta coa renovación d autorización sanitaria. Así mesmo procederase a liquidar ao SERGAS o custe dos servizos de luz e limpeza que aboa o Concello pola Unidade de Saúde Mental que comparte dependencias co SPAD.

CULTURA

PRP2020/0310

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, nas datas que a seguir se indican para a celebración de distintos concertos no primeiro semestre de 2020, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

- 25/01/2020: Concerto de Trio de Cordas (Abigel Kralik (violin), Ziyu Shen (viola) e Beata Antikainen (Cello).
- 07/03/2020: Concerto de cuarteto de cordas (Diogenes Quartet)
- 17/04/2020: Gala Lírica (Aigul Akhmetshina (Mezzo) e Anna Crexells (piano))
- 29/05/2020: Velada de Tangos: Marcelo Nisinman (Bandonson), Dana Zemtsov (viola), Nichy Schwartz (contrabaixo) e Anna Fedorova (piano).

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de

taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de 18 € para o público en xeral, sendo de balde para os socios, e a recadación da súa venda para a entidade organizadora

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

PRP2020/0311

Vista a solicitude de D. Anxo Antón Queruga Vila, en representación de Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 26 de febreiro, en horario de 10:00 a 13:30 horas, para a celebración dde actos con motivo do Entroido(Concurso entre os Centros e Residencias da zona) , debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2020/0312

Vista a solicitude de D. Marcos Calvo González, en representación de La Rock Entertainment SLU, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 2 de maio de 2020, durante toto o día, para a celebración do espectáculo CANTAJUEGOS (2 funcións: 16:30 e 19:00 horas), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 21 €; Zona B: 20 €; Zona C: 19 € e fila 22 da Zona C de visibilidade reducida a 18 €) máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación

de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 141,53 €
- Operarios (2): 283,06 €
- Persoal de taquilla (2): 132,60 €
- TOTAL: 821,89 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2020/0313

Vista a solicitude de D. Manuel Gallego Quiroga, en representación de Testigos Cristianos de Jehová, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García o día 7 de abril de 2020, en horario de 19:30 a 22:00 horas, durante todo o día, para a celebración dunha conferencia pública, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón García: 1 día, 132,35 €
- Responsable de Sala: 25,50 €
- TOTAL: 157,85 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2020/0314

Vista a solicitude de D. Javier López Valeiro, en representación de Ainé Producións SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 12 e 13 de xuño de 2020, durante todo o día, para a representación do espectáculo "Unha Noite Na Praia", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

O prezo das entradas é: Zona A: 18 €; Zona B: 15 €; Zona C: 12 €, máis os gastos de xestión, segundo a zona.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 529,40 €
 - Responsable de Sala: 219,30 €
 - 2 Operarios: 255,00 €
 - Persoal de taquilla (2 persoas): 346,80
- TOTAL: 1.350,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendado.

CONTRATACIÓN

PRP2020/0245

Dáse conta da tramitación do expediente de licitación para adxudicar, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, o contrato mixto de subministro con instalación denominado "Sinalización Semafórica Intersección Doutor Tourón. Fariña Ferreño e Alejandro Cerecedo" financiadas pola Excmo. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/19. Expte. CT 119/2018-e, cun orzamento de licitación de 50.433,65€ (sen IVE), e de 61.024,72€ (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- Alumbrados Viarios SA (ALUVISA)
- Equipos de Señalización y Control SA

Unha vez aplicados os criterios de valoración previstos no PCAP, a valoración das proposicións é a seguinte:

Licitador	Oferta económica sen IVE	Puntuación da Oferta Económica	Puntuación incremento do prazo de garantía
Alumbrados Viarios, S.A. (ALUVISA) CIF: A08523094	42.818,19 €	25	50
Equipos de Señalización y Control, S.A. CIF: A15032725	47.298,22 €	10,29	50

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1 CIF: A08523094 ILUMINACIÓN VIARIAS, S.A. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 25.0

Total criterios CAF: 75.0

Total puntuación: 100.0 Orde:

2 CIF: A15032725 EQUIPOS DE SINALIZACIÓN E CONTROL, S.A.

Total criterios CJV: 25.0

Total criterios CAF: 60.29

Total puntuación: 85.29

Vista a proposta da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato mixto de subministro con instalación denominado "SINALIZACIÓN SEMAFÓRICA INTERSECCIÓN DOUTOR TOURÓN, FARIÑA FERREÑO E ALEJANDRO CERECEDO" CT

119/2018-e, cun orzamento de licitación de 61.024,72€ (IVE incluído) á empresa con maior puntuación de acordo coa orde no que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: A08523094 ILUMINACIÓNS VIARIAS, S.A. (ALUVISA), de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

Prezo ofertado: 42.818,19 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.991,82 €, o que totaliza un prezo de adxudicación IVE incluído de 51.810,01 € (financiado con cargo a Plan de Obras e Servizos 2018-2019 da Deputación de Pontevedra), coas melloras incluídas na súa oferta.

Melloras ofertadas: - Incremento do prazo de garantía 24 meses

PRP2020/0246

Dáse conta da tramitación do expediente de licitación para adxudicar, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, o contrato mixto de subministro con instalación denominado "Regularización semafórica paso de peóns Avda. Rviero de Aguilar" financiadas pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/19. Expte. CT 120/2018-e, cun tipo de licitación de 19.677,61€ (sen IVE), e de 23.809,91€ (IVE incluído) e dos licitadores presentados, seguintes:- :

- Alumbrados Viarios SA (ALUVISA)
- Equipos de Señalización y Control SA

Unha vez aplicados os criterios de valoración previstos no PCAP, a valoración das proposicións é a seguinte:

Licitador	Oferta económica sen IVE	Puntuación da Oferta Económica	Puntuación incremento do prazo de garantía
Alumbrados Viarios, S.A. (ALUVISA) CIF: A08523094	16.706,29 €	25	50
Equipos de Señalización y Control, S.A. CIF: A15032725	17.522,29 €	18,13	50

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1 CIF: A08523094 ILUMINACIÓNS VIARIAS, S.A. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 25.0

Total criterios CAF: 75.0

Total puntuación: 100.0 Orde:

2 CIF: A15032725 EQUIPOS DE SINALIZACIÓN E CONTROL, S.A.

Total criterios CJV: 25.0

Total criterios CAF: 68,13

Total puntuación: 93.13

Vista a proposta da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato mixto de subministro con instalación denominado "REGULARIZACIÓN SEMAFÓRICA PASO DE PEÓNS Avda. RIVERO DE AGUILAR" CT 120/2018-e, cun orzamento de licitación de 23.809,91€ (IVE/IVE incluído) á empresa con maior puntuación de acordo coa orde no que quedaron clasificadas as ofertas : NIF: A08523094 ILUMINACIÓNS VIARIAS, S.A. (ALUVISA), de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor

relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación: Prezo ofertado: 16.706,29 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.508,32 €, o que totaliza un prezo de adxudicación IVE incluído de 20.214,61 € (financiado con cargo a Plan de Obras e Servizos 2018-2019 da Deputación de Pontevedra), coas melloras incluídas na súa oferta.

Melloras ofertadas:

- Incremento do prazo de garantía 24 meses

PRP2020/0248

Dáse conta da tramitación do expediente de licitación para adxudicar, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de servizos denominado "Prestación de servizos consistentes na realización dun obradoiro de cerámica e técnicas artesanais no SPAD". Expte. CT 2/2019-e, e dos licitadores presentados, seguintes:

- María del Mar Barral Núñez
- Norformación SL

Dáse cont da documentación presentada por NORFORMACIÓN, SL, empresa proposta como adxudicataria del contrato, a raíz do requirimento de documentación realizado, así como do informe técnico emitido ao respecto, no que se indica que o licitador Norformación, S.L. non cumpre cos requisitos establecidos nos pregos que rexen a licitación para ser adxudicatario do contrato, ao non dispoñer de habilitación profesional (Carta de Artesán: cerámica, expedida pola Xunta de Galicia) e non acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos ao persoal que vaia a adscribir ó servizo de acordo co indicado nos pregos que rexen a licitación.

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previsto nos pregos que rexen a licitación resulta que a oferta máis vantaxosa calidade-prezo é a presentada por Norformación, S.L.

Tendo en conta a a documentación presentada e o informe anteriormente transcrito, a mesa de contratación acorda non admitir a documentación presentada pola interesada e, en consecuencia, propoñer ao órgano de contratación excluír da clasificación das ofertas a presentada pola empresa NORFORMACIÓN, S.L.

Unha vez proposta ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa Norformación, S.L. da clasificación das ofertas e aplicados os criterios de valoración previstos no PCAP, o resultado da valoración efectuada pola mesa de contratación é o seguinte:

Licitador	Oferta económica (IVE exento)	Puntos Oferta Económica	Certificado de Docencia da FP para o emprego ou Martes Universitario en Formación do Profesorado
María del Mar Barral Núñez	11.232,00 €	27,64	0
NORFORMACIÓN SL	Proposta para exclusión	Proposto para exclusión	Proposto para exclusión

Unha vez proposta ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa Norformación, S.L. da clasificación das ofertas, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1 CIF: B36343218 NORFORMACIÓN S.L.

Proposto para a exclusión Total criterios CJV: 17.0

Total criterios CAF: 75.0

Total puntuación: 92.0

Orde: 2 66 WCIF:MARIA DEL MAR BARRAL NUÑEZ Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 19.0

Total criterios CAF: 27.64

Total puntuación: 46.64

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Excluir da clasificación das ofertas a presentada pola empresa NORFORMACIÓN, S.L.

2.- Adxudicar o contrato de servizos denominado SERVIZO DE OBRADOIRO DE CERÁMICA E TÉCNICAS ARTESANAIS NO SPAD, cun orzamento de licitación de 12.000,00 € (IVE exento) á empresa con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: CIF: 35453766 W MARIA DEL MAR BARRAL NUÑEZ, de conformidade coa súa propia oferta, por ser a mellor valorada e, polo tanto, con mellor calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación: -Prezo ofertado: 11.232,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2311.22706.

3.- Requirir a MARIA DO MAR BARRAL NUÑEZ, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presente a garantía definitiva (561,60 €) e a documentación xustificativa de todos aqueles requisitos para contratar que non se atopen inscritos no Rexistro de Licitadores correspondente.

PRP2020/0260

Dáse conta de resolución da Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (DIF), pola que se outorga autorización a este Concello para realizar "Instalación de alumeado público e ampliación rede de saneamento entre os PP.KK. 51/130 e 51/647 do Eixo Atlántico da AV Liña Vigo-Santiago, termo municipal de Vilagarcía de Arousa. (Ampliación da rede de saneamento e alumeado público en rúa Veiga da Aldea, en O Vento - Cea).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar o condicionado establecido na citada resolución.

PRP2020/0315

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra de recordatorio sobre os prazos de xustificación do Plan Concellos 2019, Liñas 2 e 3, debendo estar executadas e xustificadas dentro do prazo que remata o 31 de marzo de 2020, tendo este Concello as seguintes actuacións pendentes de xustificar:

Denominación do investimento	Orzamento	Subvención concedida
"Gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio profesional de Música"	19.000,00 €	18.181,00 €
"Proxecto de prevención do ciberacoso e o bó uso das TIC'S-Teatro Foro"	5.674,90 €	3.000,00 €
"Educación en valores-cinensino"	6.649,50 €	4.000,00 €
"Formación vial para la inserción Sociolaboral"	10.500,00 €	9.000,00 €
"Gasto corrente novo:limpeza Escola Municipal de Música"	10.000,00 €	9.500,00 €
"Proxecto Activate"	10.080,00 €	6.000,00 €
"Programa de sensibilización, Promoción e Formación para a Igualdade e a Recuperación persoal dende a perspectiva de xénero"	12.000,00 €	10.500,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0362

Dáse conta de escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo en relación coa ampliación do prazo de execución das actuacións do programa de regeneración e renovación urbana do Plan Estatal 2013-2016 e da súa prórroga.

O Concello ten asinado acordos para o financiamento de actuacións do programa de rexeneración e renovación urbana, a través das ARIs, ao abeiro do Plan estatal de vivenda.

Para ampliar o prazo de execución das actuacións ata o 31 de decembro de 2020 dos acordos asinados na Comisión Bilateral será necesario trasladar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a solicitude para proceder a asinar a correspondente adenda co Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar prórroga ata o 31 de decembro de 2020 dos acordos seguintes:

ACORDOS ASINADOS O 27.10.2015:

- 7ª fase Núcleo de Vilaxoán
- 4ª fase Casco Vello de Vialgarcía de Arousa
- 7ª fase Núcleo de Carril.

ACORDOS ASINADOS EN OUTUBRO 2017:

- 8ª fase Núcleo de Vilaxoán
- 5ª fase Casco Vello de Vialgarcía de Arousa
- 8ª fase Núcleo de Carril.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.